

A fala é camiño

Para Agustín Fernández Paz


Vilalbés coma min, ós seus 50 anos leva publicados máis dunha ducia de libros. Polo Día das Letras Galegas cadramos na Universidade de Barcelona con cadanseu relatorio. Agustín escribeme o 31 de maio e enviame a súa última novela -O centro do labirinto-, entendendo que o

Historia dunha colcha

-O libro saíche redondo. Quero dicir que, ademais de ser moi bo, resulta circular: principia nun carballo da fraga de Campo Lameiro e remata nela. As derradeiras palabras da novela son: "*Repíte: os carballos*" Permíteme que che diga que me evocou a novela de Otero Pedrayo, *Arredor de si*.

-Non fun consciente de que remataba na mesma fraga ata que mo dixeches. Certamente fun consciente da elección do carballo, por toda a súa forza simbólica para nós. En canto ó que dis de Otero Pedrayo, creo que tes razón, pero tampouco foi unha influencia consciente. Quizais é que as súas ideas están no aire, pero eu af dependín directamente dun poema de *Estirpe*, de Méndez Ferrín. Quizais a influencia de Otero Pedrayo me chegou a través del.

-Cando Sara, a protagonista, desdobra unha vella colcha de cores que pertencía á súa avoa, veume á cabeza o relato de cando Adrián Solovio



Inma Reino, a muller de Agustín, soubo tirarlle proveito a esta foto.

seu libro reflicte en narrativa o que alí me escoitou por vía de ensaio. A continuación, a editorial Xerais de Galicia convidame a ser un dos presentadores do libro na Galería Sargadelos de Santiago o 25 de xuño. Nesta conversa continuamos un diálogo daquela deseñado.

(en realidade, o mesmo Otero Pedrayo), desenvolve un mapa de Galicia que lle aprendera a ver un tío crego.

-Neste caso son dúas cousas. A colcha existiu: de pequeno tiña unha feita de retallos de diversas cores. Servíume para expresa-la idea da Xeración Nós: Galicia, unha peza máis, en pé de igualdade, no mosaico das culturas mundiais. Pois ben, a colcha ten unha función simbólica e reflicte a pluralidade; todos, grandes e pequenos, somos imprescindibles, porque se non hai anacos pequenos tampouco hai colcha. A idea naceume vendo o globo terráqueo da miña filla Mariña: o polí-cromo mapamundi coma mosaico.

-Se me permites, dende a miña deformación profesional, ti camiñas dende Babel a Pentecoste: dende a pretensión dun idioma único, o euroinglés -o pensamento único, que di o redondelán Ignacio Ramonet-, o pluralismo das linguas e das culturas con que nace, de feito, a Igrexa.

-Aí ti xogas coa idea auténtica de Babel, pero a idea espallada é outra. A xente entende que en Babel se dá un castigo divino e a consecuencia pecaminosa e o falaren en linguas diversas e non entendérense. Esta nova idea túa gústame e impresioname que esta, como tantas outras cousas da Biblia, fose deformada, como ti estás apuntando.

Un camiño iniciático

-Parece que a infancia vilalbésa te inflúe.

-Teño mistificadas moitas cousas da infancia, unha delas é a colcha de trapos. Afnda que o que fixo nacer este libro foi o tema da lingua, sobre o que levo varios anos escribindo e traballando. De neno, non sei se o sabes, eu era tateo. Ben, máis que tateo é que falaba demasiado, aturullábame. E fun coa miña irmá tita ó Santo Alberte. E xa ves que curei.

-Como saberás, a nosa V Romaxe de Crentes Galegos, en setembro de 1982, foi no Santo Alberte, e o lema do medallón de Sargadelos rezaba: *A fala é camiño*. Ti es un romeiro da fala.

-Certamente, a raíz primeira foi a da lingua. Hai anos que tiña nun caderno a idea de facer unha novela sobre a lingua e alí ía apuntando cousas. Logo descubres que o tema da lingua está relacionado coa globalización mundial que pretende o capitalismo salvaxe, o actual neoliberalismo: uniformar valores e culturas.

Cando abordas unha cuestión, a ese tema inicial vánselle pegando outros: o do paso do tempo, a reflexión que todos facemos ó longo da vida...

-Inventas unha familia galega en Berlín, composta de Sara e do seu fillo David. E van descubrindo as propias raíces no retorno á terra, pero coas dores dun dobre parto: doloroso, coma todo camiño iniciático. Sara pertencía ó grupo G-12 e, en cambio Brenda, a rapaza que entra en tensión con David, pertence ó ZNC. ¿Queres explicar estas siglas?

-Principiando polo segundo, a ZNC é o recurso do poder centralizador, a falsa mundialización uniformadora para deixar contentos, a xeito de premio de consolación, os que non queren unha nova orde falsamente universal. O que pasa é que, na novela, hai grupos concienciados de xente galega que aproveitan ese recurso para darlle a volta: formalmente aceptan a situación, pero traballaban para que se dean os xermolos do cambio. É a idea de Marx da vella toupa: un traballo subterráneo. O grupo G-12 son as persoas que controlan Europa dende os intereses pseudouniversais e anti-nacionalistas.

-Supoño que o número 12 terá que ver cos primeiros países que formaron a Europa comunitaria.

-En absoluto, saíume así, sen pensalo.

-Aí é onde eu vexo a forza simbólica da túa novela. Ti non pensaches nesa significación numérica, pero eu -e poida que moitos máis-, pensei nun número fundacional, A Unión Europea inicial dos Doce, e matinei nos 12 apóstolos, número que reflicte historicamente, á súa vez, o dos signos do zodíaco e os 12 meses do ano, as 12 tribos de Israel.

-Estou de acordo co que dis. Nunha novela sempre saen cousas que tes interiorizadas, pero das que non es cons-

ciente. Levo anos traballando arredor da lingua, teño unhas preocupacións moi concretas; todo isto ten que saír.

-Eu penso que todo bo escritor redacta dende o seu inconsciente e di máis do que pretende. Se a túa narración resulta eficaz é porque se dirixe ó inconsciente do lector, e tes que apandar con que leamos máis do que hai na tona, porque a linguaxe dun bo novelista -e ti elo-, é fonda.

-Unha novela non é un ensaio. Este é de ideas, pero para transmitir ideas a través da novela, teñen que se encarnar nos personaxes e nunha narración.

-Isto é o que me emociona da túa novela: consegues que o lector vaia facendo explícito o que levaba dentro, implícito. Isto non é un demérito, senón proba de que o autor sin-toniza coas inquietudes dos lectores.

-Moita xente mo está dicindo. Mentres escribía a novela, eu non daba recortado artigos que coincidían talmente co que estaba redactando. Foi o que me sucedeu coa túa intervención en Barcelona. Agora díme que Sara tiña unha galegitude implícita. Era unha persoa sen raíces: unha universalista, cosmopolita. O encontro coa nai, xa defunta, atraía a Galicia.

-E principia un camiño iniciático, de entrada no misterio. Simbolicamente, morren os dous, nai e fillo e realizan un retorno ó útero: Sara recupera o seu fillo David, que perde na fraga, pero que estaba afectivamente distante; David encóntrase coa nai biolóxica, pero tamén coa Nai-Terra, a Tellus Mater: é un Renato, un renacido para a galegitude. E a nai fai de mediadora, de nova matriz. A túa novela activa a conciencia galega. A nai actúa de mediadora, de sacerdotisa, e non estou moi seguro



Para saír de "O centro do labirinto", Agustín forneceno-lo fío de Ariadna.

de que non represente a Galicia, útero da galegitude, na medida en que rompe cos cómplices do Grupo-12.

-Deus te oía, pois é o que pretendín. É a novela que máis me obsesionou. Gústame moito esta interpretación túa, xa cho dixen en Barcelona. E hai aínda un factor máis: Sara rompe cos cómplices. Aí procuro expresa-lo que se sente cando te traizoan, transo decisivo polo que pasamos algunha vez na vida.

Estratexia literaria

-Eu principiei a le-lo teu libro con prevención, por toda esa linguaxe da xente de hoxe, da informática. Gústame a profecía pero atópome despistado coa ficción futurista, aínda que o teu libro é profético, de anticipación. A novela convenceume, é moi didáctica e queira Breogán que se utilice en escolas e institutos, e que a lea moita xente adulta.